



MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BAIONA PARA A CONCRECIÓN DA HABILITACIÓN LEGAL CONTIDA NO ARTIGO 65 DA LEI 5/2016, DO 4 DE MAIO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

Correspóndelle á Comunidade Autónoma, ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27.18º) e a través da Consellería de Cultura, e Turismo, a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia. Esta competencia está, asemade, contemplada e desenvolvida na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio Cultural da nosa Comunidade Autónoma. Como indica o seu artigo 1: *“o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, poidan ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo”*.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, declara expresamente que ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

A presente lei regula no seu título II o réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. No capítulo primeiro do citado título (artigo 33) establécese que *“a Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia”*, sen prexuízo do disposto no artigo 32 da presente lei.

Así mesmo a Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece no seu artigo 143 que as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de xeito voluntario a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio

O artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia establece a competencia exclusiva da Consellería de Cultura e Turismo para a autorización das intervencións que se pretenda realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento.

Por outra banda, no artigo 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que *“No caso de que os concellos contén con instrumentos de planeamento urbanístico xeral ou de desenvolvemento adaptados ás previsións desta lei en materia de protección do patrimonio cultural, estarán habilitados para autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.*

O Concello de Baiona solicitou a sinatura dun convenio de colaboración para concretar á habilitación a que se refire o artigo 65 da LPCG. Conta cun planeamento urbanístico, o Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado con data do día 4 de xuño de 2014 e polo tanto adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Na súa tramitación o planeamento contou con informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 2 de decembro de 2013, (expediente 2009-197), e cunha comisión técnica adaptada ao disposto pola disposición adicional cuarta da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 877
Fax: 981 544 830

galicia

O concello de comprométese a autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento, con recursos técnicos de supervisión e seguimento, cumprindo coas obrigas establecidas no artigo 65 e disposición adicional cuarta da LPCG.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, comprométese a asumir as obrigas de asesoramento ao Concello, sempre que o precise, en relación ao valor cultural dos bens cuxa consulta se eleve á Consellería, sen que en ningún caso este asesoramento ou o cumprimento deste convenio implique a transferencia de recursos financeiros ou persoais da Consellería ao Concello. É dicir, a sinatura do convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan a labor técnica obxecto deste convenio coa Consellería de Cultura e Turismo, calquera que sexa a súa relación laboral ou contractual con Concello.

Por todo o anteriormente exposto, e co fin de garantir a protección e a conservación dos bens integrantes do noso patrimonio cultural, e acadar unha maior e máis áxil xestión das autorizacións, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, en exercicio das súas facultades e competencias expresamente recoñecidas, acorda, con base na normativa aplicable, xustificada a necesidade de habilitar ao concello de Baiona para autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua
(asinado dixitalmente á marxe)



Xacobeo 2021